



Área de Urbanismo, Vivenda, Infraestruturas e Mobilidade
Dirección de Urbanismo
Servizo de Planeamento e Xestión do Solo
Departamento de Planeamento
63115I00F0 631/2021/85

RESUMO EXECUTIVO

SUSPENSIÓN CAUTELAR DE PLANEAMENTO DE DESENVOLVEMENTO, INSTRUMENTOS DE XESTIÓN E DE EXECUCIÓN URBANÍSTICA NO ÁMBITO DO EL-4 NON OBTIDO POLO CONCELLO.

O Plan Xeral de Ordenación Municipal de A Coruña vixente, prevé a execución dunha serie de accións de espazos libres, equipamentos e viarios, encamiñadas á obtención e execución polo Concello destes terreos, programando estas actuacións por cuadrienios no documento 07- Estratexia de Actuación e Estudio Económico, apartado C, Programa de Actuación, contemplando para o terceiro cuadrenio a execución da acción no sistema local de espazos libres en solo urbano non consolidado EL-4 "Castrillón", polo sistema de expropiación, cunha superficie segundo a ficha de 5.478,04 m², dos que o Concello xa obtivo por mutuo acordo no ano 2018 unha superficie de 2.238,63 m².

Diversas cuestións de carácter urbanístico acaecidas no barrio, unido aos cambios legislativos producidos dende a entrada en vigor do Texto Refundido da Ley do Solo e Rehabilitación urbana do Estado no ano 2015 e da actual Lei do Solo de Galicia e o seu Regulamento de desenvolvemento no ano 2016, todo elo unido á previsión nos documentos do plan xeral de redacción de instrumentos complementarios a este (plans de Infraestruturas, de Mobilidade Sostíbel, de Descontaminación Atmosférica, de Indicadores de Sostibilidade para as futuras actuacións urbanísticas e de Seguimento), motivan a conveniencia de repensar o artellamento dos equipamentos de carácter público previstos polo plan xeral no eido.

Á vista de canto antecede, considérase que para a execución das previsións contidas no plan xeral no ámbito do EL-4 "Castrillón", podería resultar conveniente a redacción dun plan especial de infraestruturas dos previstos no artigo 70 da Lei do Solo de Galicia, no marco dos principios de mobilidade sostíbel previstos na Lei do Solo do Estado e do P.M.U.S. do Concello de A Coruña



Área de Urbanismo, Vivenda, Infraestruturas e Mobilidade
Dirección de Urbanismo
Servizo de Planeamento e Xestión do Solo
Departamento de Planeamento

63115I00F0 631/2021/85

Dentro do ius variandi que ten o Concello en materia de planeamento e no marco do cumprimento dos principios de desenvolvemento territorial e urbano sostíbel, resultaría conveniente ponderar a adecuación da acción prevista para a citada acción, no marco das novas disposicións legais vixentes posteriores a aprobación do plan xeral vixente.

Aos efectos anteditos procede adoptar un acordo de suspensión do planeamento xeral vixente no ámbito, para estudo dunha posible modificación puntual do planeamento que afecte aos terreos cualificados como EL-4, na parte aínda non obtida polo Concello, no marco da tramitación da modificación puntual da Norma Zonal 8 “equipamentos” que xa ten superado a fase de avaliación ambiental estratéxica, estando neste intre en fase de redacción o documento para a súa aprobación inicial.

Acompaña a este documento os planos:

1. Zonificación PXOM/13 vixente.
2. Xestión Solo Urbano PXOM/13.
3. Ámbito da suspensión.

A Coruña, na data da sinatura deste documento

O xefe de Departamento de Planeamento

O xefe de Servizo de Planeamento e Xestión do Solo